



**XUNTA
DE GALICIA**

galicia
inviste no **RURAL**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. E A ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DO MAR DE MUXÍA PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DA NOSA SRA. DA BARCA 2016

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, _____, actuando en nome e representación da Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, con CIF G15972359, en calidade de presidente da asociación por nombramento en acta do 5 de xuño de 2010.

E doutra _____, en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA, na súa calidade de conselleiro delegado.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas



EXPOÑEN

Primeiro.- A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción da cultura e organización dos festexos da Romaría da Barca, que se celebra cada ano no mes de setembro. A Asociación é fundada o 22 de decembro do ano 2004 por un grupo de xoves de Muxía (mariñeiros, mariscadores, estudantes,,,,,) cun interese común: organizar actividades culturais, pero sobre todo organizar as festas na honra da Virxe da Barca e desenvolver a súa vez actividades durante todo ano adicados á divulgación destes festexos.

A Romaría da Barca, verdadeira simbiose de actos relixiosos e profanos, é unha das máis grandes que se celebran en Galicia, declarada de Interese Turístico Nacional no ano 1989.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.



Cuarto .- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que no BOE número 139 de 11 de xuño de 2012 publícase a Resolución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do 22 de maio de 2012 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, pola que se publica o Convenio específico coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

Na cláusula cuarta establécense os compromisos da comunidade autónoma regulando no apartado quinto as obrigas desta no caso de subscripción de convenios de colaboración.

No anexo I recóllense as accións dos plans da zona a executar no marco do convenio. En concreto as accións no Plan de Zona Costa da Morte e Rías Baixas do Norte a executar de forma concertada e cofinanciada pola Administración Xeral do Estado.

No seu eixe 1 “Actividade económica e emprego” figura a actuación 1.20.CA 2, “Promoción do turismo rural”, na que se establece la inversión real en promoción da Romaría da Nosa Sra. da Barca de Muxía.

Sexto.- Que non resulta posible promover a concorrência debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, dado que é a única que organiza a Romaría da Nosa Sra. da Barca.

Sétimo.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a aplicación 04.A2.761A.781.0 “Axudas a festas de interese turístico”, código de



proxecto 20150004 “Plan de zonas rurais” ,dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Oitavo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento das Festas da Barca de Muxía mediante unha achega de 5.000.-€.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía para a o apoio á celebración da Romaría da Nosa Sra. da Barca 2016, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por este celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

No concello de Muxía está o popular Santuario da Virxe da Barca onde cada domingo seguinte ao 8 de setembro celébrase esta romaría chea de connotacións panteístas ancestrais. Esta Romaría é unha antiga celebración de culto que remonta a súa orixe aos séculos XI ou XII que segue congregando hoxe en día unha grande cantidade de fregueses. Paralela á celebración relixiosa foise creando outra festa que converteu a esta romaría nun punto de encontro dos mozos que acampan ao redor da vila e pasan na noite bailando ata ao amencer.



As festas comezan coa celebración da Novena, o venres último día da Novena a asistencia a esta aumenta debido aos numerosos romeiros que en cumprimento das súas promesas acoden a Muxía camiñando dende os seus lugares de orixe xa que na festa é tradición a peregrinaxe dende os pobos da comarca. Achéganse de diferentes xeitos, tales como percorrer un tramo do viaxe de xeonllos, escoitar misas durante varios días, o culto ás pedras...

A Romaría da Nosa Sra. da Barca de Muxía, é un evento de prestixio que conxuga unha celebración relixiosa ancestral coas actividades lúdicas actuais e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter as súas sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística, e posiciónase coma o evento mais adecuado para dar a coñecer o recursos turísticos da nosa comunidade

A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é a entidade organizadora dos actos da Romaría da Barca . Esta asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo .

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para accións de promoción da celebración da Romaría da Nosa Sra. da Barca, ascende a 30.000€ que se distribúen do seguinte xeito:

- Publicidade: 1.400 €
- Carteleria: 1.200 €
- Difusión en Medios: 1.000 €
- Actuacións musicais: 26.400 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de vinte cinco mil euros (25.000.-€) para contribuir aos gastos de promoción da festa, o importe restante para



completar a execución do proxecto correspóndelle executala a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Esta axuda ten o carácter de “axuda de minimis” exenta en aplicación do *Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1)*

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 5.000.-€

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2016 a favor da Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago así como unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio e as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 63.1.Dous do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar pagamento anticipado de hasta o 50% da contía subvencionada, isto é de 12.500.- €.

Segundo o establecido no artigo 65.4 i) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía está exonerada da constitución de garantía.



**XUNTA
DE GALICIA**

galicia
inverte no **RURAL**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

galicia

Terceira.- Obrigas da Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía

A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía comprométese a:

- Levar a cabo as accións obxecto do presente convenio celebrando a Romaría da Nosa Sra. da Barca 2016
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír nas accións promocionais das actividades obxecto deste convenio de colaboración a “Marca Galicia” .
- Incluír en todos os materiais utilizados na difusión e información das actuacións obxecto deste convenio os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable e das dúas administracións de acordo coas súas respectivas normas de identidade corporativa, segundo se establece no anexo 2 do Convenio específico entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos planes de zona das súas zonas rurais (BOE núm. 139, do 11 de xuño de 2012).
- Incorporar o distintivo corporativo de ABANCA nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Executar o orzamento do custo do proxecto na contía de 30.000.-€ e xustificalo.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

//ABANCA

RuralEs
Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable



Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, se supere o investimento total da festa.

Quinta.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve.

A conta xustificativa deberá conter:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

- Facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil e documentación acreditativa do pagamento.

- De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía ademais deberá presentar:

1- Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 6.1 do regulamento de minimis)



2-Declaración de (ademais das axudas de mínimos) “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”

3- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e ABANCA así como a “Marca Galicia” e os os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable.

Para facilitar o ingreso dos fondos deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a axencia, se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

A achega de ABANCA será pagado directamente por esta á Asociación Festas do Mar de Muxía, unha vez que esta remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.



Ó abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 20 de novembro de 2016.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado pola Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Relación contractual

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.



Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.

Novena.- Xurisdición competente

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4.c, non obstante, os principios do citado Real decreto legislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro que aproba o regulamento que a desenvolve.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso administrativo.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia



En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 20 de novembro de 2016 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia
A directora de Turismo de Galicia

Pola Asociación Festas do Mar de Muxía
O presidente

María Nava Castro Domínguez

Por ABANCA Corporación Bancaria, S.A.,
O conselleiro delegado